

ING

Díaco

POR UNHA
GALICIA CEIBE
SIN ESPLOTACION

VOCEIRO DA INTERSINDICAL NACIONAL GALEGA

XANEIRO 1979

Núm. 22



REAPERTURA INMEDIATA DE SAN REMO

Villalba. — A loita por manter o posto de traballo, na empresa San Remo de Villalba, non ten rematado.

Como xa temos informado nas páxinas do EIXO, foron numerosas as accións levadas adiante polas traballadoras afectadas, contra do espedente e a rescisión definitiva de 40 postos de traballo, que a empresa tiña presentado.

Solicitud que non foi aceptada pola Delegación de Traballo, que se viu forzada a fallar a favor dos traballadores, conseguindo eisi que un espedente de crisis fora anulado por medio da loita e a movilización.

Ainda eisi, cando todo obligaba a reapertura a empresa amparandose nunha lexislación antiobreira, que recolle como dereito democrático o "despido libre", despediu a toda a plantilla.

O noso sindicato, a ING, e todas as traballadoras temos esixido nestes días que a resolución da Delegación de Traballo se efectivice e non quera ser unha "resolución de compromiso", obligando eisi que a empresa abra de novo as suas portas.

**POLA DEFENSA DO POSTO DE TRABALLO,
REAPERTURA INMEDIATA DA EMPRESA SAN REMO!!!**

CONVENIO DA LIMPIEZA PÚBLICA DA EMPRESA "SOL" DE SANTIAGO

O día 12 de Nadal, escomenzaron as negociacións do "convenio colectivo" da Limpieza Pública da empresa SOL, con carácter local-empresarial.

Dito convenio e negociado exclusivamente pola nosa Central dado que a nosa incidencia na empresa é total; despois de varias reunions ca patronal racharon as negociacións por non aceptar os pedidos do noso anteproyecto, especialmente o referente o salario.

Inmediatamente de rachadas as negociacións convócase folga legal pro día 30 de Nadal, ante isto a patronal viuse obligada a convocar a Comisión Negociadora con animos de aumentar a súa proposta, actualmente os traballadores ganan 18.416 Ptas. brutas a nova oferta da patronal e dun aumento no conxunto do salario de 6.584 Ptas. pasarán a 25.000 Ptas. brutas repartidas da seguinte maneira:

SOLDO BASE. — 23.000 Ptas.
PLUS DE TRANSP. 1.000 Ptas
PLUS de ASISTENC. 1.000 Ptas.

A petición da C. negociadora era de 26.000 Ptas. brutas.

A parte da taboa salarial conseguironse a maioría dos artigos do noso anteproyecto destacando: 30 días naturais das vacacions, antigüedad por bienios o 5%, póliza de seguros por invalidez ou morte dun 1.000.000 Ptas., roupa de traballo, licencias retribuidas, etc.

Revisión do convenio os 6 meses, entrará en vigor a primeiros de Nadal.

Unha vez máis a nosa Central da un paso adiante na loita por conquerir unhos convenios más xustos para os traballadores galegos.

Santiago - 26 de Nadal do 78

AGRESIÓN CONTRA UNHA TRABALLADORA EN PONTEVEDRA

Dende hai pouco tempo na bisbarra de Pontevedra estase a dar un proceso de baixas de afiliación de CC.OO. e PCE, pola política que ista central sindical e partido están a levar, que atenta claramente contra os intereses dos traballadores galegos. A actuación de descarada colaboración co capitalismo colonialista por parte de aquellas organizacións, queda de manifesto ante conflictos como os de CORFI, REGOJO, ASCON, DANATESA, UNION CRADYTOR..., nos cales CC.OO vende e vende os traballadores, axudando ao gran capital a desfacerse de miles de postos de traballo sin o menor escrupulo. No pacto da Moncloa e nos novos Pactos Sociales

que se están a negociar en Madrid, CC.OO e o PCE, co resto dos partidos españoles, comprometeronse a axudar ao capitalismo colonialista pra implantación da "democracia" burguesa española, e facilitarlle unha saída a SUA crise económica, a base de esplotar inda máis aos traballadores, e as nacións asoballadas e colonizadas polo Estado Imperialista español. Así e que non debe sorprendernos a actitude de CC.OO.

Todas estas actuacións están afacer que traballadores conscientes, que antes foron engañados por CC.OO., vexanhoxe claro que a única alternativa válida e realista, pra loitar polos intereses dos traballadores Galegos, seña orgaizándose no Movemento Nacional Popular Galego, i en concreto na I.N.G., a única Central Sindical Galega que hai, así é como a maioría dos traballadores que en Pontevedra se deron de baixa en CC.OO., entran na I.N.G. i se orgaizan pra conquerir unha Galicia Celibe e sin esplotación, onde non haxa parados, peches de empresas, industrias irrationais, emigración, despido libre, etc.

Unha das persoas que máis está participando neste proceso, en concreto, unha traballadora do Comercio de Pontevedra foi agredida o pasado venres, cando dous enerxúmenos a golpearon a porta da súa casa. Ista agresión foi precedida de varias amenazas por teléfono e na rúa, avisandolle "que non se metera onde non debía, que lle iba pesar". A o momento de sufrir esta agresión, con golpes no corpo e na cara, que a deixaron sangrando, foi advertida que isto é sóio un aviso".

Compañeiros:

é hora xá de desenmascarar de unha vez por todas a istes elementos. O millor xeito de facelo, e orgaizandounos todos os traballadores na única Central Sindical Galega, na I.N.G.

INTERSINDICAL NACIONAL GALEGA

A SITUACIÓN EN ALGUNHAS EMPRESAS OURENSAS E CRÍTICA

Dende a firma do Pacto da Moncloa, a situación en moitas pequenas e medianas empresas foi desesperada. Como sempre os traballadores somos os que pagamos as consecuencias. Os capitalistas, cando a rentabilidade non é moi elevada, regulan a plantilla, suspenden pagos, presentan expediente de crisis, pechan as empresas etc., os traballadores o destino que se nos reserva é o paro. Despois do pacto da Moncloa, que comenzou a línea de actuacións de cara tentar solucionar unha crise en beneficio do capital

monopolista español, a cantidade de traballadores galegos que pasaron ao paro por unhas razóns ou outras foi moi elevado. Na provincia Ourense o primeiro caso de certa importancia foi Unión Cradytor, onde a patronal contando co apoio descaradode CC.OO. (por algo firmou o pacto) e que era a central con presencia na empresa, non tivo problemas pra prescindir de un gran número de postos de traballo. Agora a situación crítica amenaza a outras empresas: Roxello Fernández, e outros do Polígono. A nosa central xa anticipou cando foi o asunto de Unión Cradytor que si non se lle facía frente ao intento de liquidar a empresa, detrás dela virian outros. Agora xa as temos ahí diante. A responsabilidade de que esto ocurra tamén é en gran parte de CC.OO. que non fixeron nada por impedir a perda dos postos de Cradytor e polo tanto permitiron que se sentara un precedente onde os traballadores aturaron mansamente a perda do seu posto de traballo. En esta ocasión non voltará a ocurrir o mesmo, a I.N.G. tentará impedir por todos os medios a perda de máis postos de traballo, e tentará plantarle cara a esta escalada, cada vez maior contra diles.

CONFLITO NA HOSTELERIA DE OURENSE

Pra negociación do convenio da Hostelería de Ourense, elixiu-se en unha primeira asamblea unha comisión negociadora da que formaba parte entre outras centrais a I.N.G. A patronal do sector negouse a negociar argumentando a presencia de outra comisión que se montara en base a restos do vertical. Houbo repetidos intentos pra solucionar en asamblea a existencia das duas comisiones, pero a que se forman en base aos restos do vertical non desapareceu, evidentemente estaba formada pra facerlle o xogo a patronal, e pra que esta non tivese necesidade de negociar. Ante esta situación sin salda e ante a postura intransixente da patronal a nosa central entendeu que o camiño era a presión pra que a patronal se plegase a negociación. Apoiámos e potenciamos unha folga de un día o 25, como primeiro paso. Esta folga que contou co apoio de toda a comisión negociadora primitiva e dos traballadores do sector, realizouse o día 25, e tivo unha gran resposta pese os intentos das autoridades gubernativas que chegaron a deter a membros da nosa central e outros traballadores dos piquetes. A hora de pechar estas páxinas o conflito sigue e non conocemos ainda a resposta da Patronal; agora ben a I.N.G. entende que a presión e a mobilización e o comezou pra conseguir convenios dinos e plegar a patronal a reconocer os nosos deseños.

TABOA

Páxina

Novas; Noticias	2
Editorial	3
Convenios marco. Convenios nacionais..	4 e 5
Os resultados da Constitución.....	6 e 7
Conflicto do metal na Cruña	8
Corfi contra do Capitalismo colonial.....	9
Elecios nas Zonas da Cruña e Pontevedra ..	10
MONFORTE. Situación dos mariñeiros de Lugo.....	11
O Convenio do metal na provincia de Pontevedra	12

Editorial

OS NOVOS PACTOS

VEN de ser presentado o pasado 26 de decembro polo Sr. ABRIL MARTORELL, ministro de economía o programa económico básico do Goberno pro ano 1979, que según a Administración pretende iniciar unha política de recuperación económica prevista a varios anos vista, e cuio primeiro feito concreto este ano é o Real Decreto polo cal vai tratarse de fixar uns topes salariaes do 13% pra 1979.

A pesares das demagóxicas afirmacións do Sr. ABRIL MARTORELL, das súas pretensións de concernertos aos traballadores de que nosa "responsible" colaboración millorará a situación económica e nun plazo de 3 ou 4 anos os problemas que hoxe temos os traballadores estarán superados, a realidade é que o programa e as medidas que se van tomar servirán unicamente pra que o gran capital manteña as súas tasas de ganancia a costa nosa. Así, non é de estrañar que os topes que fixa o Goberno señan moito más duros que os do nefasto PACTO DA MONCLOA e que se mantéñan e se desenrolen toda unha serie de figuras na contratación de traballadores que lle van dar carácter legal a toda unha picaresca que lle facilita á patronal a flexibilización de plantillas de feito, tal é o caso dos contratos parciais ou temporais. Por outra banda, como era de esperar, non aparece no programa do Goberno ningunha medida seria nin efectiva pra eliminación do paro, pra recuperación dos sectores afectados pola crisis nin pra garantizar miníma mente o poder adquisitivo das clases traballadoras.

Pódese sentir satisfeito o gran capital destas medidas, xa que coinciden basicamente coas exposicións do presidente da C.E.O.E. Sr. FERRER SALAT e coas recomendacións desta patronal —con moito a más importante do Estado e a representativa dos intereses do capital monopolista— aos seus empresarios afiliados no tocante á actitude que deben manter nas presentes e futuras negociacións colectivas.

A dureza das condicións económicas, sociales e sindicais con que imos ter que enfrentarnos os traballadores deixannos poucas dudas a clase traballadora galega da situación que se nos aveciña no ano 79 e seguintes na loita pola defensa e millora das nosas condicións de vida e traballo. Móstranos claramente que o marco iniciado cos PACTOS DA MONCLOA preténdese que teña unha continuidade endurecida nos próximos anos.

E esta unha situación que vai deteriorar gravemente os intereses da clase obreira galega i é consecuencia directa da fortaleza do capital monopolista, hoxe pertrechado dunha Constitución que lle da carta de legalidade ás súas agresións, dun Goberno representante directo dos seus intereses, e apuntalado además na fraudulenta actuación dos chamados "partidos da esquerda parlamentaria" (P.C.E. e P.S.O.E.), abertamente cómplices nesta política contraria aos intereses das clases traballadoras — os cales determinan a acción ca sindical pactista, colaboracionista e traidora á clase obreira, das centrales españolas, moi especialmente CC.OO. e U.G.T.

Non vai arranxar nada nin poñer freno á actitude da Patronal as decepcións dos CAMACHOS e REDONDOS por non se ter chegado a cristalizar uns novos pactos, as súas repulsas a estas imposicións do Goberno, nin os seus laios pola falla de "PROPUETAS RAZONABLES" por parte do Goberno e do Capital. O mesmo Sr. CALVO ORTEGA, ministro do Traballo, e eles mesmos no seu "paripé-macht" do día 28 na

TVE mostraronos o que podía supoñer de "peligroso" pro gran capital a sua amenaza de desencadear unha reivindicativa en todo o Estado.

A Patronal e o Goberno síntense fortes, e non lle faltan razóns pra elo. A evolución política dende a morte de FRANCO, a actitude mantida por estas forzas políticas e sindicales durante o proceso de "consolidación de la democracia española" que ven de rematar coa aprobación a nivel de Estado, que non en Galicia, da nova Constitución; en poucas palabras, a defensa a ultranza do españolismo dos intereses do capital monopolista, así llo fan ver. Ten, polo tanto, pouca importancia que se estampe a firma destas centrales en documentos concretos, que se formalicen os pactos. O consenso, a igualdade de miras nos aspectos fundamentais van facer que no principal estas centrales acaten as decisións emanadas do Goberno e do capital.

Saben moi ben os empresarios e o Goberno que non van ter un enemigo de coñado en CC.OO. e UGT. Saben que os seus projectos pra un hipotético relanzamento da economía, nos que non contan os intereses das clases traballadoras, van sair adiante. Saben que, sin firma ou con firma, vanse imponer uns topes salariais más duros cos do ano pasado; que van ter moitas más facilidades pra "flexibilizar plantillas", é decir, pra despédir obreiros masivamente; que van poder reestructurar sectores industriais enteiros conforme aos seus intereses, como na pesca, na industria naval ou no textil, en aras dunha maior rentabilidade das empresas, pros capitalistas naturalmente. Saben en resumen que diante de todo esto, terán que enfrentarse unicamente a accións e declaracións demagóxicas destas centrales, coa única intención de recuperar a súa xa grandemente deteriorada imaxe ante a clase obreira.

Na nosa Nación, Galicia, as consecuencias destes amanos van ser moi graves xa non somentes polos salarios de miseria e as péssimas condicións de traballo que o capitalismo colonial nos impón, que nesta situación van facer aumentar in da más as diferencias entre a nosa clase obreira e a do resto do Estado, senón tamén porque debido ao papel de colonia que xoga a nosa Terra no Estado Español os projectos do capital imperialista pasan cada vez más pola destrucción sistemática dos principais sectores da nosa economía, xa non rentables pro imperialismo nunha España comunitaria. Velahí a cantidade de empresas con expediente de crisis en Galicia ou o futuro que lle agarda a sectores tradicionalmente tan importantes como a pesca, naval ou madeira na nosa nación. E este e non outro o futuro que a "democracia española" lle reserva ao noso país. E pois, a emigración, o paro e os salarios de fame o que os plans do Goberno lle reservan aos traballadores galegos.

Con todo, se fomos capaces os traballadores galegos, a I.N.G. ao frente, de superar en moitos casos os topes salariais dos PACTOS DA MONCLOA, se a pesares dos atrancos da patronal e do seu aliado, o españolismo, poidemos arrincarlle milloras sustanciais pra clase traballadora ao capital, foino en base a plantarlle cara, en base a organizar cada vez más as nosas filas pra poder combater con éxito todo tipo de ataque aos nosos intereses. Neste ano que comenza a batalla vai ser, se cabe, más dura; vamos necesitar dunha gran cohesión pra non soio impedir que o imperialismo resolva a súa crisis a costa da nosa miseria, senón tamén pra desenmascarar definitivamente ás organizacións sindicales españolas — CC.OO. e UGT. — a fin de que hasta o último traballador galego non vexa nelas outra cousa que o que son: os cans de palleiro, os fideles gardiáns do imperialismo en Galicia.

CONVENIOS MARCO - CONVENIOS NACIONALES

DENTRO do proceso de consolidación da democracia burguesa, xogan un papel moi importante as centrales sindicais españolas —fundamentalmente CC.OO., U.G.T. e U.S.O.—, cunha actitude abertamente colaboracionista co gran capital, como amortiguadores da loita de clases. A burguesía imperialista española, promociona descara-

presas, etc.), fai que o papel das centrales españolas resulte sumamente claro. Iste condicionante fai que as posicions de defensa dos intereses obreiros, vaian ligadas a unha actitude consecuente coa loita das clases populares galegas pola nosa liberación nacional. Ambolos dous ouxetivos, van intimamente ligados, e soio son defendidos

dempois de aprobada a Constitución española.

Dentro de todo iste contesto, téñense dado, dende uns meses atrás, os chamados CONVENIOS MARCO a nivel estatal. No plano da negociación colectiva, é ista a gran baza das centrales españolas e reformistas, pra anular as nosas loitas reivindicativas. Coa fachada de negociar uns salarios e condicións mínimas de traballo pra sectores enteiros a nivel do estado, que teoricamente, serían mellorables dempois a niveles territoriales inferiores (provincia, empresa, ou mesmo a nivel nacional), achántanse as verdadeiras intencións de MONOPOLIZAR A NEGOCIACIÓN DE CONVENIOS, impedindo que as centrales nacionais e de clase, que defenden ante todo os intereses obreiros, poidan negociar no seu ámbito de actuación. E ben sabido que os convenios, por todo o tempo da sua vixencia, impiden outra negociación de ámbito territorial igoal ou inferior, cando xa for homologado un convenio. Isto non soio é certo hoxe, que pervive a lexislación do franquismo, senón que a propria "Ley de Negociación Colectiva" que virá dempois da Constitución, contempla a custión en igoal senso.



damente a istas centrales, con un ánimo moi claro: conquerir que tódalas nosas loitas reivindicativas, señan canalizadas e dirixidas por elas, de xeito que os traballadores nos atopémos sin forzas, ao non dispoñer de organizacions propias, verdadeiramente de clase, cuio único interés seña a defensa intransixente dos nosos intereses, no camiño da eliminación da esplotación do home polo home.

Na nosa Nación, Galicia, ista contradición faise ainda mais evidente, pola nosa dependencia colonial, onde a situación das clases traballadoras, ao aparecer moito mais crítica (Baixos salarios, emigración, crisis de em-


na práctica pola única central sindical galega: A I.N.G., no plano sindical, e a nivel xeneral polas orgaizacións que componen o Movemento Nacional-Popular Galego (U.P.G., AN.-PG., CC.LL., U.M.G., E.R.Ga.).

Feitos que fan evidente canto decimos, foron o Pacto Social da Moncloa, as actitudes de CC.OO., U.G.T. e U.S.O., en comandita ou por separado, diante de conflictos como os de ASCON, CORFI, REGOJO, UNION CRADYTOR, ETC. ETC. e vanno facer moito mais os novos pactos sociales, cos que nos van obsequiar os partidos e sindicatos españoles, unha vez consolidada a sua democracia

Cando se vai negociar un convenio, os traballadores esiximos uns salarios e condicións de traballo minimamente dignas. No caso galego, esixir un salario minimamente digno ou calquera modificación das condicións sociais, equivale a sobrepassar compridamente os estreitos límites impostos polos pactos sociais, pois partimos de uns salarios que SON OS MAIS BAIXOS DE TODO O ESTADO ESPAÑOL.

Nos derradeiros tempos, numerosos convenios teñen representado moi importantes loitas, impulsando un tremendo avance na nosa concencia de clase, xunto con melloras económicas importantes nalgúns casos. Iste convenios foron sempre dinamizados pola I.N.G., non por casualidade. A burguesía non está disposta a aturar isto, e por eso, firma e negocia esclusivamente, cando pode, coas centrales que lle cumplen á perfección como seus mais fieles servidores, e pon tódalas chatas ao recoñecemento das centrales que, como a I.N.G., lle supoñen un serio peligro pros seus privilexios. É por isto, polo que ten amañado con CC.OO., U.G.T., U.S.O., etc., os convenios-marco.

Pola importancia que prostraballadores teñen os convenios, non podemos consentir que istas centrales, arrogándose unha representatividade que nadie lles conferiu (nadie, excepto a burguesía imperialista e o seu goberno), negocien convenio tras convenio, cos resultados que cabe agardar dende estas perspectivas (casos como o do Víndrio e Cerámica, cun salario de 600 pts./día igoal ao mínimo interprofesional, son ben ilustrativos a iste respecto). Por todo iso, a I.N.G. tense marcado unha moi clara política respecto dos convenios, impulsando a negociación dos mesmos, dende as perspectivas que lle comprenden ás clases traballadoras galegas, é decir: as nosas circunstancias en canto a salarios, condicións sociales ou de traballo, etc., o feito de sufrir diretamente a dependencia colonial da nosa Patria, fan que teñamos que abordalos convenios con criterios fundamentalmente movilizadores e de clarificación, pois soio así poderemos enfrentarnos aos capitalismo monopolista con posibilidades de éxito.



Polo tanto, a I.N.G. vai impulsar con tódalas forzas, a negociación dos convenios a nivel galego, provincial ou de empresa, sempre co ánimo de promover a participación dos traballadores na discusión das alternativas, e a mobilización como xeito fundamental de presión, o cal entra en aberta contradición cos ouxetivos das centrales españolas e reformistas que tentan por tódolos medios, de manter desinformados aos traballadores, negociando convenios por arriba, métodos que todos temos inda recentes na memoria do sindicato vertical fascista.

OS RESULTADOS DA CONSTITUCION

Os resultados do Referendun Constitucional evidenciaron tres cousas fundamentais:

- O creciente aumento do nacionalismo popular.
- O pouco interés que lle produce a unha gran parte da poboación galega a política emanada dende Madrid.
- A incapacidade de todo o españolismo xunto, pra mobilizar a un sector importante do noso povo mesmo pra votar.

Pra calibrar no seu xusto punto o alcance dos resultados do referendun en Galicia, cavía comparalos cos que se produxeron no referendun pra Reforma Política, nas eleccións xenerales e nos das Cámaras Agrarias, e ao mesmo tempo ter presente a situación colonial a que estamos sometidos. Ese será o único xeito de entender a importancia dos miles de votos negativos que se produxeron e a valoración do gran índice abstencionista.

Si na Reforma Política a estrema dereita conseguía unhos porcentaxes ridículos no noso país, non hai razón ningunha pra pensar que se poidesen aumentar agora, incluso podía pensarse que a súa incidencia mermou pois eidíxí nunha actuaron organizadamente e daquelá algun cacique indefinido inclinouse pola posición negativa. Hoxe toda a estructura caciquil xa ten tomado unha opción o A.P., U.C.D. ou P.S.O.E., e todas estas forzas políticas promoveron o sí. Ademáis os poucos casos que se conocen de propaganda publica do "non" que viñan de elementos "ultras", facianlle máis daño que outra cousa a esa postura. O caso do Vispo de Ourense é unha mostra: é tal o seu descrédito popular, que basta que il diga "non" pra que esa postura política se desprestixie na provincia ourensana. Sentado esto, podemos concluir que si non todolos votos negativos pertenecen ao movemento nacional-popular galego, sí a gran maioria. No referendun pra lei da Reforma Política os ditos votos oscilaban en Galicia ao redor do 0,5% ou 1,5%, o cal indica a súa insígnificancia. Neste intre os "non" tiveron por termino medio o 6% que é ilustrativo do avance experi-

mentado polo MN-PG. xa que a diferencia, cando menos, debese a propaganda e traballo realizado por todolos forzos que nel estamos. Si nas eleccións xenerales o Bloque (Alianza dos forzos políticos do movemento nacional popular galego: ANPG e V.P.G.) conseguía ao redor de 23.000 votos e agora o "non" pasou de 60.000, indican que o crecemento esperimentado mesmo no terreo electoral é grande, xa que a postura negativa en Galicia foi defendida unicamente polos nacionalistas.

Agoa ben o voto "non" no Referendun Constitucional foi ademáis unha posición política moi cualificada. O superar a propaganda Gubernamental e do españolismo, o nou aceptar o "cousello" dos caciques, o non deixarse afetar pola manipulación psicolóxica e social dos medios de comunicación, o non deixarse influir polas distintas identificacións que se facian co voto negativo (dende comparar o voto non co terrorismo, deixa facelo ca estrema-

dereita, e niste senso non facemos duvida de que Blas Piñar facía política colaboracionista e axudaballe a ganar o Referendun cando espuxa a súa postura negativa), etc. foron atrancos contundentes que se tiñan que superar pra votar "non". Niste senso entendemos que a postura negativa foi un "voto" militante. Pra clarificar esto non hai máis que votarlle unha ollada aos resultados e comprobar que ali onde hai máis "non" é onde se dan os maiores porcentaxes de voto en blanco ou abstención ou as duas cousas xuntas. Evidentemente o conflito social que se producía onde se facía patente a postura do "non" e ademáis onde más incidencia (fundamentalmente

**CON
ESP**
**APRO
POR LAS C**
**EL 31 de Oct
de 1978**
REFERENDUM NACIONAL 6 DE DICIEMBRE

CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

ESTRATEGIA
NACIONAL
DE
LA
CLASE
OBRERA

RE

onde as elecções as Camaras Agrarias foron ganados polos C. Labregos^a, levaba a moita xente convencida da postura negativa pero que non era capaz de superar todolos atrancos a votar en blanco ou absterse.

Neste senso entendemos que unha parte da abstención debese a campaña de clarificación do siñificado da constitución española que levamos adiante as forzas nacional-populares, pero que si foi suficiente pra convencer de que a constitución non siñificaba nada positivo prao noso país non o foi dабondo

como pra vencer todos os prejuicios da propaganda e os distintas presiós do imperialismo. Un exemplo claro e o municipio ousensan Sarreaus co 40% de "non" foi onde se rexistrou un dos índices máis elevados de abstención. Outra gran parte da abstención débese indudablemente o desencanto e desinteres pola política española. A secular

dependencia colonial que sofre o noso povo, ten producido un desinteres total pola política que emana do Goberno Español, sexa do sino que sexa, xa que sabemos que con distintos matices, o único que podemos esperar dali é explotación e defensa dos intereses do capitalismo monopolista. Os últimos acontecimentos políticos non fixeron más que corroborar esta tesis. Por último hai unha parte de esa abstención que hai que achacarlle as razós técnicas (tempo, censos, etc.) pero non é nin squera a más importante.

A participación da clase obrera galega na oposición o referendun español foi realmente importante ainda que difícil de evaluar na súa dimensión total. Prescindindo dunha pequena parte dos votos dos sectores más ultras en algunhas cidades como Ferrol ou Cruña, non cabe dúbida que o aumento siñificativo dos votos negativos nas cidades comparados cos votos nacional-populares das elecções xenerales, debese nunha parte importante a consolidación e creciente influencia da I.M.G. Si a nosa central é oxe xa unha forza importante no panorama sindical galego, con miles de afiliados, e o noso aumento de incidencia na clase traballadora non cesou dende o ano pasado, esto notouse no referendun nas cidades, onde a concentración obrera é superior. Ademáis e siñificativo que vilas como Viveiro ou Verín nos que a nosa central conta con unha amplia base social, o número de votos negativos foi cuantioso.

En definitiva, por moito que queiran ocultalo os medios de comunicación, o referendun constitucional en Galicia, deixou constancia de que alí onde o nacionalismo popular conta con base social eso plasmouse nun resultado negativo elevado, e ali onde é máis feble os resultados son moito menores en número de "non".

O futuro, co testo cosntitucional aprobado, presentamos un combate sindical moi duro, pois a constitución defende os intereses do capitalismo imperialista español, que contara además de os seus aliados tradicionais, os sindicatos españoles, con un arma que todos están dispostos a esgrimir contra a clase traballadora galega: a constitución. Agora ben, tamén é certo que no noso país sumadas as abstencios e todolos votos que non foron afirmativos, deixan constancia de que a constitución en Galicia non se aprobou. Esto é síntoma claro de que a política española movida fundamentalmente ao redor de dous senxos, os pachos e o "consenso", con un único fin de salvaguardar os intereses da burguesía imperialista española, ten o rechazo tácito ou espreso dos traballadores galegos. E tarea nosa, da I.N.G. e de todolos afiliados, que ese rechazo se transforme en concuencia activa, organización e mobilización en contra do capitalismo español.



CONFLITO DO METAL NA CRUÑA

Este conflito surxiu pola negociación do convenio de Siderometalurxia da provincia da Coruña, que tiña que entrar en vigor no mes de setembro e ainda se está en negociación.

Os problemas xa empezaron coa formación da Comisión Negociadora, formada hoxe soio por representantes do CC.OO. e UGT, ao non aceptar estas centrales sindicales a entrada da ING, CSUT, USO e CNT, que eran as outras centrales con afiliación no sector —concretamente a ING tén un 8% de delegados—. Por suposto a patronal aceitou gustosamente a sentarse a negociar con CC.OO. e UGT, xa que á hora de chegar a un acordo iban coincidir en moitas cousas (nada de movilizacions, consolación salarial, pacto social, etc.).

A partir deste momento vanse a producir dúas dinámicas distintas. Por un lado CC.OO. e UGT fan xuntas cos seus delegados pra informárlles do convenio, e por outra banda a ING e as outras centrales convocan asambleas abertas pra tódolos traballadores do sector.

En todo este proceso de negociación surxe un factor que vai servir de condicionante cara á dinámica de conflito, a firma o entrada en vigor a primeiros de Xaneiro dun novo Pacto Social (topes salariais, flexibilidade de plantillas,...). Ante esto a patronal e, seguindo órdenes da CEOE do non negociar ningún convenio hasta primeiros de ano, adeutou unha postura de forza ofrecendo un aumento de 3.500 ptas. a partir de primeiro de ano o pra eso a maioría como un plus de transporte non cotizable á seguridade social. Na táboa reivindicativa dos traballadores pedíase un salario bruto pro peón de 30.600 ptas. e a patronal o máximu que daba era apróximadamente 27.000.

A postura intranxidente da patronal levou á Comisión Negociadora (CC.OO. o UGT) a facer unha postura de forza simbólica, cara a forzar a patronal a firmar o convenio antes de primeiros de ano. A razón estaba en que CC.OO. e UGT iban firmar o novo Pacto, con un aumento salarial máximu de 10 ou 15%, que iban facer inviable que se poidese conseguir o aumento que se pedía nos ante-proyectos do convenio, e polo tanto íballe ser moi difícil explicar a os traballadores do metal como por un

lado piden 6.000 ptas. de aumento líxuelo e por outro firman en Madrid uns acordos que fan imposible conquerir dita cantidade.

E nestas condicións como a Com. Negociadora convoca unha folga legal pro día 1 de Nadal. Houbo votacións nas empresas e a maioría votou en contra, as razós eran: desinformación do sector, un mes moi malo pra facer a folga dado os gastos que hai e ir a folga supoñería quedar sin cobrar o mes e incluso a paga extraordinaria, unha desconfianza total na Com. Negociadora, etc. foi ante esta situación, que a ING negouse a facer convocatoria pro día 1, podindo entrar na COM. Negociadora para poder saber realmente o que se estaba negociando... A convocatoria de folga tiveron que retrasar pro día 4 de Nadal.


A partir de aquí comenzáronse a facer asambleas abertas de sector nas cales a ING defendeu a súa postura que era: cara o convenio esixir que as 6.000 ptas. de aumento fosen sobre o salario base e non como pluses, e que os acordos económicos entrasen en vigor a partir do Setembro, data do vencimento do convenio, e non a partir de 1ros. de Xaneiro, como quería a patronal e acetaban as CC.OO. e UGT. Plan-tezábase ademais a entrada na Com. Negociadora, feito que foi aprobado polos traballadores, pro a Com. Negociadora dedicárase a boicotear a proposta, impedindo que se pasase a votación, tachando aos compañeiros da ING de provocadores e tentando romper a asamblea. Ante a presión das asambleas, CC.OO. e UGT tuveron que aceptar a entrada da ING, non na Com. Negociadora, pro si no Comité de Folga.

Foi a presencia da nosa central no Comité e nas asambleas tanto da Coruña como de Santiago o que orixinou que unha folga que tiña un carácter puramente simbólico adquirise realmente un carácter movilizador e de presión da patronal, arrastrando a afiliados de base do CC.OO. e UGT. A proba desto témola en que na localidade de Ferrol onde a folga está controlada pro CC.OO. esta non é total e o sector está totalmente desmovilizado.

O apoio da ING á folga, a pesar de non estar de acordo co proceso que se siguiu hasta chegar a ela, foi total donde o primeiro momento, participando activamente nos piquetes de información e estensión da mesma, así como nas alternativas a dar na asamblea tanto de cara ao que se estaba reivindicando como de cara as movilizacions, o cal orixinou que se formaran claramente dous bloques sindicales: o das centrales españolas CC.OO. e UGT, que tentaban paralizar as movilizacions e meter a negociación vía Pacto Social, e por outra banda a alternativa patriótica,

ca, de clase e combativa da nosa central, tentando sacar a negociación do marco fixado polo novo Pacto e ofrecendo, como medida de forza pra conquerilo, a movilización dos traballadores.

Durante o tempo que levamos de folga a actitude da patronal iba variando en función de que adotásemos medidas de forza ou non. Si nos movilizábamos a patronal sentábase a negociar e tan pronto CC.OO. e UGT tiraban atrás as movilizacions a patronal rompía as mesmas. O que nos demostra que soio as alternativas de movilizacions e de presión constante que defenden a nosa central dende o principio, vairnos permitir conseguir un convenio digno pro sector.



Nun dos piquetes que se formaron pra parar a empresa Televés de Santiago foron detidos os compañeiros da nosa central Xan Carballo (Secretario da Zona da Coruña) o Manoel Pose (Secretario Local de Santiago), xunto con dous afiliados de CC.OO. e un de UGT. E de destacar a actitude claramente discriminatoria que mantivo a policía cara os nosos compañeiros, tendoos dous días detidos na comisaría e totalmente incomunicados, mentres que os das centrales españolas permitíanselles ser visitados e falar con dirixentes das súas centrales.

Esto móstranos a represión selectiva das autoridades cara a nosa central sindical.

CORFI CONTRA DO CAPITALISMO COLONIAL

Con motivo do referendum e ante a presión dos traballadores, o goberno imperialista español, moveu o problema de Corfi pra poder apreser ante os traballadores como o "bo samaritano", axudaballe en toda a escea as CC.OO, que iniciara unha campaña de "salvación de Corfi" pedindo cos traballadores pasaran ó paro obreiro, xa que según ela beneficiaba ós traballadores. Pola súa banda a prensa daballes ós CC.OO un protagonismo no papel que na pratica reduciase a asambleas de 20 traballadores, e pra eso boa parte diles esquiroles, e por outro lado acuaba á ING de orixinar o conflito e levalo a un camiño sen saída.

Con todo o tinglado preparado, días antes do referendun, o Delegado de Traballo chamou ás partes pra discutir a situación de Corfi, foron 3 ou catro xuntazas nas cales soio nunha os CCOO conseguiron levar tres afiliados, mentres ca ING levaba de 10 a 15 en todas elas. Na primeira xuntanza o Delegado inxiéñuse pra, según il, que falaran as partes. Así foi como o abogado da empresa "abogou" pola saída dos CC.OO xa que "lle parescía máis oportuna" (faltaba máis!!!). A ING dixo entón que entendía que debía reabrirse a factoría. Daquela foi co Delegado despertou da súa inxición e ofreceulle o ouro e o mouro ó grupo Violas, pra que reabriera

factoría un día a seman. Todo era perfecto xa que da sala pra fora parescía co goberno solucionara o problema de Corfi. O Delegado e os CC.OO apuntaban algúns votos "sí" máis.



Días despois do referendun, presión dos traballadores por medio, nunha nova reunión o grupo Violas non quería saber nada do que días antes aceptara e o Delegado de Traballo tornaba á sua postura de "inxición". E alí unha vez más os traballadores vimonos obligados a pedir a REAPERTURA a fin de COMPROMETER ó goberno directamente no conflito. Os CC.OO, pola súa banda, unha vez más tornaban a facer propostas liquidacionistas, esta vez tratabase de pedir a rescisión de contratos. Segundo os CC.OO si se pide a rescisión de contratos por parte dos traballadores estos cobraran a razón de dous meses ó ano, enon 15 días como acontecería si fora a empresa. Esto é certo. Pero tamen é certo cos traballadores de Corfi non estamos dis-

postos a consentir o peche da mesma e que non pode haber rescisión de contratos sin APROBACION DO GOBERNO; previo informe dos traballadores. ¿Acaso o goberno pode conceder precisión a unha empresa que esta claramente demostrado que é rentable e que soio o carácter especulativo da dirección levouna a situación actual?... Sin duda a actitude de CC.OO axuda ó grupo Violas a pechar, xa que demuestra co persoal esta dacordo en principio ou o ve esto como unha solución ó conflito, e por outra parte COLABORAR ca política de inxición do GOBERNO. Dalí que denunciamos a actitude antiobreira de CC.OO, e chamemos a todos os traballadores a REPUDIAR esta política DERRROTISTA colaborando ca loita pola continuidade de CORFI.

A loita que estan a levar hoxe os traballadores de Corfi, non é unha loita soio contra a patronal ¡NON!, é tamén fundamentalmente unha loita contra os plans de Descapitalización co Estado Imperialista Español ten pra Galicia, dalí que resistir o peche de Corfi seña debilitar ises plans e dar un paso adiante na loita contra da desmantelación do sector pesqueiro, da construcción naval, de Censa, Unión Créditor, etc. Nas derradeiras asambleas dos traballadores de Corfi da ING, contra do que dí a prensa, ou non dí, xuntaronse de 150 a 200 traballadores, a pesares dos 17 meses de loita!, o que demostra que ainda seguimos unidos e máis fortalecidos que nunca na loita pola readertura da empresa e a readmisión dos 9 despedidos.



ELECCION DA DIRECCION DE ZONA DE PONTEVEDRA

Na tarde do pasado día 3 de Novembro, celebrouse nos locais da ING de Vigo a asamblea constitutiva da nova Zona organizativa que abrangue: Vigo, O Porriño, Morrazo, Pontevedra, Salnés, Estrada e Lalín (as duas derradeiras, dependentes hasta agora de Santiago). A reestruturação, pois, anula a anterior organización que dividía a Provincia en duas zonas autónomas.

A Asamblea constitutiva asistiron numerosos afiliados de varias localidades. O propósito central desta xuntanza era efectuar as reestruturación i elexir os carregos de Dirección da "nova" Zona.

Sairon eleidos, próx anteditos cárregos, os seguintes compañeiros:

Segredario de Zona de Pontevedra:

Manuel Mera.

Implantación, Zona N. de Pontevedra:

Luis Ovelleiro.

Implantación, Zona S. de Pontevedra:

Xesús Chaves.

Finanzas: Anxo Goberna.

Técnica: Segundo González.

Convenios: Agustín Malvido.

Prensa e propaganda: Rosa de la Parra.

Asesoría Xurídica: (pendente).



Construcción: Carlos Recondo e Estanislao Sotelo.

SGTM: Xosé Enrique Fernández.

Comercio: Olaia Fernández.

LOCALIDADES

Vigo: Xavier Alonso.

O Porriño: Carlos Alonso.

O Salnés: M.ª Xosé Fariña.

Pontevedra: Victoria Fernández.

Morrazo: Xosé M.ª Blanco.

UNIONS

Metal: Isidro López e Miguel Vázquez.

Textil: Uxío Chapela.

Químicas: Anxo Soto.

Sen dúbida a composición deste organismo e a nova estrutura, suporán un paso máis no fortalecemento i espansión da nosa Central. Logramos tamén, neste xeito, dar unha resposta eficaz ás actuales necesidades na dirección das loitas, convenios provinciais, etc.

ELECCION DA DIRECCION DE ZONA DA CRUÑA

Quedou constituída a Dirección de Zona cos seguintes membros:

Secretario de Zona — Xan Carballo Rodríguez.

2.º membro prá D. Nacional — Xosé Matalobos Rebolo.

Vocal de Implantación — Aniceto Varela.

Vocal de Finanzas — Xosé Miranda Ruíz.

Vocal de Prensa e Propaganda — Manuela Arias Seoane.

Vocal da Muller — Mercedes Vidal Bamonde.

Vocal da Mochedade — Ramiro Ouviña Parracho.

Vocal de Asuntos xurídicos — Xosé Nogueira Esmorís.

Vocal de Formación e Cultura — Francisco Sevio.

Vocal de Técnica — Lina Varela.

Dos representantes de 1/500, elexíronse 18 membros. Os Secretarios Locales que xa foran eleitos nas respectivas localidades pasan a formar parte da Dirección de Zona, e son:

O día 12 do Novembro celebrouse na AISS da Cruña a primeira asamblea da Zona da Cruña.

Nesta primeira asamblea trátaronse diversos temas, entre os más importantes:

- Informe da situación organizativa na Zona.
- Elección de cargos.
- Valoración da actual Política Sindical.
- Clausura.

Santiago — Manuel Pose Vaqueiro.

A Cruña. — Xesús Seixo Fernández.

Ferrol — Xosé Matalobos Rebolo.

Muros — Eleuterio Formoso Lamela.

Riveira — Xan Cadabal.

Cee — Xan Gallart.

Carballo — Francisco González Vidal.

Finalizada a elección de cargos, pasouse a discutir a actual situación político-sindical, pronunciándose a asamblea por unanimidade encontra da Constitución Española, quedando claros os presupostos políticos da nosa Central de votar NON no próximo Referéndum Constitucional.

Monforte

¡¡MANIFESTACION DE TRABALLADORES; CONTRA DO DESPIDO LIBRE!!

O dez de novembro pasado fixemos en Monforte de Lemos unha manifestación de solidaridade e apoio a un compaño despedido do Banco de Granada. Máis de catrocentas persoas — entre os cales se encontraban os traballadores de Salgueiro, S.L. — participaron na manifestación encabezada por pancartas da ING, levando bandeiras das organizacións que compoñen o Movemento Nacional-Popular Galego. O final do recorrido, falou os presentes Emilio Monterroso, Secretario de zona da VTBG-ING.

Hai que salientar o feito de que pró mesmo día estaba convocada a antroidada "antiterrorista" polo españolismo con UGT e CCOO á cabeza, que non puideron por menos ca quitar unha nota na prensa dicindo que suspendían a manifestación de Monforte pra "evitar posibles enfrentamentos coa ING". A cousa non tén desperdicio, pois ademáis de calumniarnos deste xeito apoñéndonos intencíos de confrontámonos, había dúas horas de diferencia entre ambas as dúas convocatorias. ¿Non sería más ben que teríam medo á comparanza? O certo é que xuntando todas as manifestacións que fixeron en toda a zona de Lugo, non chegaron ós 300 asistentes contando os parlamentarios.

Hai uns días, a Maxistratura de Traballo declarou improcedente o despido do compaño. A clase obreira galega, dirixida pola nosa Central, conquistaba unha nova victoria por medio da mobilización e da loita.

Corresponsal

SALGUEIRO, NOVA EXPEDENTE DE CRISIS CONTESTADO; NA LOITA; POLOS TRABALLADORES

A empresa "Salgueiro, S.L.", de Monforte, é unha empresa de 26 traballadores, o cal ven a significar un dos maiores centros de traballo da nosa localidade.

Agora a empresa ven de presentar un expediente de crisis, ó amparo dunha lexislación, que permite poñer en perigo os nosos postos de traballo e que non pon nin tasa nin atadura as maniobras das empresas.

SITUACION DOS MARIÑEIROS DE LUGO

Nas nosas costas o caciquismo dos armadores é moi acusado, pois ás relaciós nos pequenos barcos dan pe a elo. Tanto é así que os mariñeiros da costa de Lugo non viiron cumplidas nin siquera ás disposicións dun leónneo convenio do ano 1965, non se cobran as pagas estrás (simplemente o final do ano un "regalo" do armador chamado guinaldo), non se disfrutan as vacacions nin os días de descanso (15 cada tres meses), por si forá pouco moitos armadores pretenden partir o 55% e ó 45% para tripulación, cando o convenio estipula o 50% a cada parte.

Oxe as cousas estan a cambiar e unhos douscentos mariñeiros de Celeiro e Burela agardaron a coñecer a opinión do SGTM e da ING antes de "partir", e asistiron as Asambleas que se celebraron os días 23 e 24 de Nadal, afiliándose a meirande parte. Este foi un dos primeiros pasos dos mariñeiros de cara a:

1.º Facer cumplir os mínimos dereitos laborais en vixencia e,

2.º Encerrar un proceso de concienciación e unión para acadar con Convenio xusto e rematar consistente a "parte".

Corresponsal Viveiro



Diante disto a Asamblea de Afiliados a ING —toda a plantilla—, decidimos escomenzar unha serie de aciós pra sensibilizar os nosos compañeiros de clase: CONTRA DOS EXPEDENTES DE CRISIS, CONTRA O PACTO SOCIAL!!! Con iste motivo e reclamando os atrasos adeudados pola empresa, o día 22, escomenzamos un peche, nos locales da AISS, de Monforte. A hora de pasar ista información pro periódico do Sindicato EIXO, non sabemos cando abandaremos, pro a nosa reivindicación e firme. Queremos negociar directamente coa empresa, a entrega dos atrasos.

Pra que a loita de SALGUEIRO, sirva unha vez máis os traballadores galegos pra se unir contra da política antibreira e colonial do goberno español, a ING e os traballadores de Salgueiro temos convocada unha manifestación pro día 3 de Xaneiro, que sairá do Campo da Compañía.

CONTRA O PACTO SOCIAL E OS EXPEDENTES DE CRISIS UNETE A I.N.G.!!!

Corresponsal Monforte

A TODOS OS TRABALLADORES DA SANIDADE

A UNION DE TRABALLADORES DA SANIDADE GALEGA (I.N.G.), quere poñer en claro a función que cumple o Comité Nacional Galego dos Centros do I.N.P., montado por CC.OO. e S.G.S., a maniobra que istos fixeron por discriminar a I.N.G. Dito Comité constituiuse o día 16, con asistencia de quince membros de sete comités. Así fixaron un porcentaxe, como si foran patróns do cinco por cento dos postos dos comités de empresa, pra que as Centrales Sindicales participen no Comité Nacional Galego, discriminando así a I.N.G., que defende a constitución diste comité con soberanía pra negociar por si soio co I.N.P.

CC.OO e o seu sindicato comparsa na sanidade, o S.G.S., que sigue fidelmente a súa liña e a súa política como proba que nunha xunta de Centrales na que se pretendía refundir os anteproyectos de convenio do Psiquiátrico de Conxo, o S.G.S., presentara en ausencia de CC.OO. o anteproyecto dista Central facendo seu, e pensa que con soio tres membros de cincuenta que forman o Comité Estatal van poder defender os intereses dos traballadores galegos da sanidade, e van ter outra resposta que non sexa o esquecemento.

A política de Comisiones Obreras de España en Galicia, xa é ven coñecida por todos, e non nos estraña que por riba dos intereses dos traballadores coloque os da patronal e os do Goberno, porque xa o ben facendo dende vello. O que nos chama a atención é que un sindicato que nasceu decindo que era galego, coma o S.G.S., chegue a tal grado de identificación con esta Central. Somos conscientes que os afiliados de base do S.G.S. descoñecen que a Dirección do mesmo está prácticamente integrada en CC.OO e que veñen sendo a mesma cousa e o Comité N. Galego dos Centros dependentes do I.N.P.; e a súa inclusión no Comité Estatal por parte dos sindicatos que o integran, é a máis clara mostra delo.

UNION DE TRABALLADORES DA SANIDADE GALEGA I.N.G.

O CONVENIO DO METAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A I.N.G. xa o ano pasado mantivera nas negociacións facer un convenio pra todo o metal da provincia e non facelo soio pra o metal de menos de cen, criterio iste que non se poido imponer os empresarios, xa que istes contaron na mesa das negociacións con apoio de C.C.O.O. e U.G.T.

Iste ano precisamente CC.OO e UGT (que como queda dito foron os culpables de que non se conseguira) fixeron ao resto das centrales a proposta de negociar un convenio marco provincial do metal; e que a representación pra negociala saíra dacordo cos delegados que cada central tivera en todo o metal. A ING a pesares de que con ese xeito de buscar a representativi-

dade de cada central verá mermada a súa incidencia no comité negociador; xa que sendo maioritaria nas pequenas fábricas, non o é nas grandes, acetou o criterio, considerando que é un paso importante pró sector unificar os traballadores metalurxicos da provincia.

Pola súa parte CC.OO e UGT defenden ista proposta unicamente pra saír beneficiados no número de delegados que diste xeito negocialan o convenio por ditas centrales.

A patronal, xa fixo pública a súa proposta inicial, 10% de aumento salarial e flesibilización de plantillas. Isto más que unha proposta e un insulto prós traballadores do sector, xa que de apricala quedaría o salario dun

especialista sobre unhas 20.000 pta./mes (sin comentarios). E por si isto fora pouco aínda pretenden despedir aos traballadores do sector que lle veñan en gana.

Queda claro pois que a ING e tódolos traballadores do sector temos que prepararnos de inmediato pra dar unha resposta contundente a semellante pretensión.

As centrales que negocialan o convenio son ING, CC.OO. USO. e UGT e algunas das reivindicacions que o anteproyecto do convenio recolle son as seguintes:

- a) 40 horas a semán de traballo.
- b) 30 días de vacacións.
- c) 3.000 ptas./mes de gastos mínimos de locomoción.
- d) 18% de aumento sobre a masa salarial bruta.

A I.N.G. loitará sin desmaio por istas melloras pró sector.

